

PROGRAMACIÓN

3º NIVEL

EDUCACIÓN PRIMARIA

C.E.I.P. A. RODRÍGUEZ CADARSO (NOIA)

CURSO 2021- 2022

TITORES/AS:

 *Juan Ávila Ribadas (TITOR 3º A)*

 *Carmen Romero Bello (TITORA 3ºB)*

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN: REFERENCIAS LEXISLATIVAS	4
2. CONTEXTUALIZACIÓN: A CONTORNA E O CENTRO ESCOLAR.....	5
3. CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DO ALUMNADO DO 3º NIVEL.....	6
<i>Desenvolvemento psicomotor</i>	<i>6</i>
<i>Desenvolvemento cognitivo.....</i>	<i>7</i>
<i>Desenvolvemento da personalidade.....</i>	<i>8</i>
<i>Desenvolvemento social.....</i>	<i>8</i>
4. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS EDUCATIVAS QUE SE DEBEN ADOPTAR NO CURSO ACADÉMICO 2021/2022.....	9
5.ÁREAS EDUCATIVAS: CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS CC .	10
ÁREAS DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ.....	10
5.1. Área de Lingua galega	14
5.2. Área de Lingua castelá	25
5.3. Área de Matemáticas.....	35
5.4. Área de Ciencias da Natureza	47
5.5. Área de Ciencias Sociais.....	54
5.6. Área de Plástica.....	62
5.7.Área de Valores sociais e cívicos	67
6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	74
7. A AVALIACIÓN.....	77
8. TEMPORALIZACIÓN	79
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	80
10. ADAPTACIÓNS CURRICULARES.....	82
11. EDUCACIÓN EN VALORES	83
12. RELACIÓN FAMILIA – ESCOLA.....	83
13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO	84
14. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	85

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	86
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROGRAMA DE EDUCACIÓN RESPONSABLE.....	87
17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	87
18. INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS E PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.....	88
19. NECESIDADES DE MATERIAL.....	88

1. INTRODUCCIÓN: REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Tal e como se establece entre as funcións do profesorado (artigo 91 da LOMCE), deseñaremos a presente programación didáctica utilizando como base da mesma as referencias lexislativas:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (en adiante LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante LOE) e que na nosa Comunidade Autónoma se atopa desenvolvida no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia (en adiante D.105).
- Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio (en adiante LOMLOE)
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022.
- Protocolo de Adaptación ao contexto COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022.

A programación didáctica, constitúe o **terceiro nivel de concreción curricular** e será elaborada tendo en conta as características concretas de ambos grupos (3ºA e 3ºB) e á concreción curricular elaborada a nivel de centro, a cal forma parte integrante do proxecto educativo e se corresponde co **segundo nivel de concreción curricular**. Á súa vez, esta confeccionarase a partir do xa nomeado D.105, que será o **primeiro nivel de concreción curricular**.

2. CONTEXTUALIZACIÓN: A CONTORNA E O CENTRO ESCOLAR

CONTORNA DO CENTRO

O CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso sitúase nun enclave rural do municipio de Noia (A Coruña). Os recursos e os escenarios susceptibles de ser aproveitables para o proceso de ensinanza e aprendizaxe son na súa maioría naturais. Contamos coa presenza de praias, bosques ou ríos entre outros, que nos posibilitarán a realización de actividades onde estaremos en contacto constante coa natureza. Ademais, a oferta de locais (conservatorios, escola de idiomas, biblioteca, teatro...) ou eventos que fomenten a cultura no pobo é ampla.

En canto ás **familias do alumnado**, podemos etiquetar o seu nivel sociocultural e económico de medio, estando gran parte delas relacionadas profesionalmente co mar. A **lingua predominante** no alumnado é o castelán, aínda que o uso da lingua galega tamén é notorio. Este será un dato relevante á hora de planificar a acción educativa cos estudantes, pois se revisamos ó establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, sinala que se garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

O CENTRO ESCOLAR

Actuaremos nun **colexio público de educación infantil e primaria** (CEIP), que conta con 12 unidades, 3 de educación infantil e 9 de educación primaria, polo que será necesario dispoñer no centro dun **departamento de orientación propio**, rexido polo D120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma galega (en adiante D. 120) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

En relación ó disposto no Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de segundo ciclo de infantil, da educación primaria e a educación secundaria (en adiante R.D. 132), o colexio cumpre coa presenza de interesantes espazos para a aplicación das actividades (biblioteca, a aula de música, o patio ou o pavillón polideportivo), coa titulación do profesorado, coa relación profesorado-alumnado e co número de postos escolares.

Teremos igualmente en consideración a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Tamén respecta a organización e o funcionamento establecido polo Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (en adiante D. 374) e pola Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (en adiante Orde do 22 de xullo).

No referente á **xornada escolar**, esta será única (Orde do 28 de maio de 2008, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta), comprendendo dende as 9:30h ás 14:30h, cun tempo dedicado ao recreo de 30 minutos. En dito horario teremos igualmente en conta as adaptacións estipuladas no Plan de Adaptación á situación COVID-19, e no Programa de Acolida, ambos do curso 2021/2022.

Por parte das **tarefas extraescolares**, de acordo coa Disposición Adicional Terceira do D. 105, o centro ten incluído na súa Programación Xeral Anual (PXA) un principio de progresividade para o seu uso ao longo da etapa, co fin de posibilitar así un adecuado encaixe na vida das familias e o fomento da participación activa na aprendizaxe do seu fillo ou filla.

3. CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DO ALUMNADO DO 3º NIVEL

A presente PD vai dirixida ao alumnado do 3º nivel de educación primaria. Contamos cun total de 28 alumnos/as no nivel (14 alumnos/as na aula de 3ºA e de 14 alumnos/as na aula de 3ºB). As peculiaridades máis relevantes destes rapaces e rapazas e que van a condicionar de xeito decisivo a intervención docente na aula son as seguintes:

Desenvolvemento afectivo

- a) Estabilizan o control emocional e asentán e melloran os seus sentimentos.
- b) Inician a súa independencia respecto dos referentes máis significativos, de camiño cara á autonomía.

Desenvolvemento psicomotor

- a) Coñecemento e dominio do esquema corporal.
- b) Coñecemento e dominio das condutas motrices de base.
- c) Coñecemento e dominio das condutas neuromotrices.

- d) Coñecemento e dominio das condutas perceptomotrices.
- e) Coñecemento e dominio da psicomotricidade grosa e da fina.

O dominio da psicomotricidade vai permitir mellorar substancialmente a comprensión e a expresión de diferentes linguaxes, particularmente da escrita.

Desenvolvemento cognitivo

- a) Encóntranse ao principio no mesmo estadio evolutivo-madurativo de desenvolvemento intelectual que na etapa anterior, pero cada vez necesitan menos manipular para a formación de conceptos e a súa categorización, co cal se nota maior nivel.
- b) A intelixencia é cada vez máis operativa e lóxica.
- c) A realidade pasa a ser máis obxectiva progresivamente.
- d) Dominan o manexo de símbolos e signos de códigos convencionais, o que favorece a capacidade de representación e a aprendizaxe da lingua escrita, a numeración, a representación espacial e gráfica, e a lectura da imaxe.
- e) Pasan da explicación por xustaposición (organizando e explicando a totalidade en fragmentos sen conexión coherente) á lóxica (por categorías socialmente elaboradas e facilitadas polos adultos).
- f) Incrementan a capacidade de introspección, co que o pensamento é cada vez máis causal e comeza a ser máis analítico e dedutivo.
- g) Experimentan un cambio cualitativo no modo de organizar a realidade.
- h) Manifestan maior curiosidade intelectual.
- i) Consolidan a noción de conservación.
- l) Observan cambios en situacións e fenómenos do mundo físico e poden describilos, comparándoos e establecendo relacións de diferenzas e semellanzas.
- m) Afianzan a diferenza entre os feitos e fenómenos físicos e os psicolóxicos.
- n) Exploran as características dos materiais que utilizan.
- ñ) Utilizan cada vez mellor as estratexias da linguaxe, o estudo, a atención e a memoria comprensiva.
- o) Melloran substancialmente o seu coñecemento, operando mellor de maneira progresiva.
- p) Desenvolven a metacognición a través da autorregulación da súa actividade.
- q) Incrementan a capacidade lingüística, xa que consolidan a lingua materna e ofrecen a posibilidade de ensinalles unha segunda lingua.

En xeral, reafírmanse as adquisicións da etapa anterior e poténcianse novos desenvolvementos que serán básicos para a seguinte, onde se culminará o período das operacións concretas, introdutorio das operacións formais, que leva á autonomía persoal.

Desenvolvemento da personalidade

- a) Asentan a súa identidade, xa que estabilizan e melloran as características da anterior etapa: o autoconcepto, a autoestima, a eficacia e a estima dos demais.
 - b) Regulan o carácter.
 - c) Manteñen a latencia sexual.
 - d) Desenvolven unha gran capacidade de esforzo e entusiasmo.
- Aumentan as súas posibilidades, pois asentan e melloran o autoconcepto, a autoestima, a eficacia e o carácter.

Desenvolvemento social

- a) Interésanse pola cooperación e a participación.
- b) Desenvolven a capacidade para aceptar o punto de vista dos demais (redución do egocentrismo).
- c) Descubren intereses comúns, relaciónanse aínda máis cos demais, respectan as normas e toman decisións conxuntas.
- d) Adquiren paulatinamente máis autonomía.
- e) Intégranse progresivamente noutros ambientes sociais fóra do ámbito familiar.
- f) O grupo de iguais comeza a ser moi importante para eles.
- g) A partir de intereses comúns, intensifican as relacións cos demais e establecen lazos profundos de amizade.

Todos estes aspectos evolutivos inflúen de maneira significativa no tipo de obxectivos e actividades que vamos a formular na nosa programación, partindo así das características dos nosos alumnos e alumnas para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe.

4. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS EDUCATIVAS QUE SE DEBEN ADOPTAR NO CURSO ACADÉMICO 2021/2022

Durante a primeira semana do mes de setembro realizaremos co alumnado diferentes tipos de probas e tarefas a modo de avaliación inicial, de cara a unha organización curricular que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes.

Instrumentos e procedementos

- Realización da avaliación inicial.
- Realización de fichas, no caso dunha educación presencial, incentivando o traballo cooperativo na medida en que as medidas anticovid o permitan, e tendo en conta as diversidades que no alumnado sexan coñecidas ou vaian xurdindo.
- Corrección colectiva dos traballos realizados, incentivando a atención, o espírito de superación, a orde e o sentimento de grupo.
- Realización de xogos educativos, co fin de promover a dinámica de grupo e un ambiente relaxado que favoreza a interiorización das aprendizaxes.

Temporalización

Ao comezo do curso realizaranse actividades de acollida, atendendo sobre todo ao plano emocional no conxunto do alumnado e abordando, ao tempo, as medidas hixiénico-sanitarias que marca o protocolo COVID. Ademais, no plano académico, levarase a cabo a avaliación inicial

5.ÁREAS EDUCATIVAS: CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS CC

ÁREAS DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

Competencia en comunicación lingüística (CCL): o coñecemento de estratexias comunicativas nunha lingua ou entre linguas favorece a expresión oral, escrita e de signos, a través do coñecemento das regras que as rexen.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): a linguaxe, como conxunto de signos, está estreitamente ligada deste xeito ao razoamento matemático. Por outra parte, a comprensión lingüística favorece a resolución de problemas matemáticos. Comprensión, razoamento e resolución, encóntranse na base do método científico e do uso da tecnoloxía.

Competencias sociais e cívicas (CSC): a lingua permite formular preguntas, elaborar plans, obter e organizar información, emprender procesos ou comunicar conclusións, todas elas destrezas básicas desta competencia. Por outra parte, o uso da lingua é a base da comunicación social e inflúe na integración no contorno. Valórase a realidade plurilingüe, todas as linguas son ferramentas de comunicación.

Competencia dixital (CD): a busca e tratamento da información e de distintos recursos baséase na linguaxe, e favorece a transmisión daquela en diversos soportes.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): a lingua é un elemento cultural por si mesmo e contribúe á comprensión das distintas linguaxes artísticas.

Competencia de aprender a aprender (CAA): a linguaxe é un elemento organizador e de adopción de estratexias de primeira orde.

Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): a elaboración de plans, tomas de decisión... baséanse na comunicación interior do individuo e proporcionan habilidades de comunicación social eficaces.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Competencia en comunicación lingüística (CCL): a linguaxe matemática contribúe á comprensión das distintas mensaxes comunicativas e fai posible a transformación da información escrita en gráfica ou numérica e viceversa. Ademais amplíase o léxico propiamente matemático.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): proporciona ferramentas para enfrontarse á resolución de problemas da vida cotiá

(medidas, probabilidade...), así como unha actitude reflexiva e crítica na busca de solucións.

Competencias sociais e cívicas (CSC): axuda a describir, percibir, interpretar e representar o contorno (concepción espacial, orientación...), a través do coñecemento de medidas, xeometría ou representacións gráficas da información. As matemáticas son parte fundamental no funcionamento do noso mundo e por iso, da participación social e da comprensión das realidades económicas, política, etc.

Competencia dixital (CD): a área ten un papel importante na contribución ao desenvolvemento desta competencia a través da representación numérica, de táboas, gráficas...

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): a participación social a través das matemáticas axuda tamén á protección do patrimonio e á creatividade cultural (códigos cifrados, arquitectura –xeometría e proporcións-, etc.).

Competencia de aprender a aprender (CAA): a sistematización do traballo na busca de distintas solucións, a perseveranza, a aceptación de erros, etc., son todos eles valores incluídos na área que procura o desenvolvemento desta competencia, a través do cálculo mental, resolución de problemas, medicións...

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): O control das emocións é parte importante no traballo matemático de resolución de problemas de todo tipo, o que beneficia a planificación e confianza e seguridade en si mesmo/a.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

Competencia en comunicación lingüística (CCL): a área contribúe ao uso da linguaxe como instrumento de expresión e comunicación oral e escrita. Beneficia o aumento do vocabulario e mellora a lectoescritura e a comprensión.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): utilízanse ferramentas, conceptos e procedementos matemáticos, como medidas, táboas, gráficos, etc.

Competencia sociais e cívicas (CSC): a área contribúe á percepción do espazo físico e á integración social nel, así como á súa valoración. Permite tamén a alfabetización científica e os hábitos saudables.

Competencia dixital (CD): incídese na alfabetización dixital e na obtención de información, coa pertinente interpretación e comunicación da mesma en diversos soportes (dixitais, cartográficos, esquemas...). O uso do libro dixital tamén contribúe

ao desenvolvemento da competencia e desde ela contribúese á adquisición dunha actitude crítica, responsable e reflexiva.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): a defensa do patrimonio é un dos valores aos que se contribúe desde a área, co recoñecemento das manifestacións culturais en relación coa diversidade.

Competencia de aprender a aprender (CAA): a área favorece a curiosidade e as ansias de investigación, coa conseguinte obtención de información e o seu trato.

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): esa obtención de información incide no desenvolvemento da autonomía, promovendo a capacidade de toma de decisións, a perseveranza ou a autocrítica entre outras calidades.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Competencia en comunicación lingüística(CCL): A área contribúe ao uso da linguaxe como instrumento de expresión e comunicación oral e escrita. Beneficia o aumento do vocabulario e mellora a lectoescritura e a comprensión.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): utilízanse ferramentas, conceptos e procedementos matemáticos, como medidas, táboas, gráficos, etc.

Competencia sociais e cívicas (CSC): a área contribúe á percepción do espazo físico e á integración social nel, así como á súa valoración. Permite tamén a alfabetización científica e os hábitos saudables. Favorécese ademais a integración social nas relacións próximas e nos ámbitos xeográficos local, comarcal, autonómico, estatal e mundial, desenvolvendo actitudes de diálogo, resolución de conflitos ou aceptación do diferente.

Competencia dixital (CD): incídese na alfabetización dixital e na obtención de información, coa pertinente interpretación e comunicación da mesma en diversos soportes (dixitais, cartográficos, esquemas...). O uso do libro dixital tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia e desde ela contribúese á adquisición dunha actitude crítica, responsable e reflexiva.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): a defensa do patrimonio é un dos valores aos que se contribúe desde a área, co recoñecemento das manifestacións culturais en relación coa diversidade.

Competencia de aprender a aprender (CAA): a área favorece a curiosidade e as ansias de investigación, coa conseguinte obtención de información e o seu trato.

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): esa obtención de información incide no desenvolvemento da autonomía, promovendo a capacidade de toma de decisións, a perseveranza ou a autocrítica entre outras calidades.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

Competencia en comunicación lingüística (CCL): na educación da mirada, o diálogo e a comunicación son fundamentais. Adquírese terminoloxía específica e promóvense linguaxes distintas á oral ou a escrita.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): utilízanse elementos matemáticos como medidas, orde espazo-temporal...

Competencia sociais e cívicas (CSC): favorécese o coñecemento do corpo e do contorno (formas, cores, luz...). Por outra parte, as distintas solucións estéticas inciden no coñecemento das agresións á calidade de vida e ao medio en xeral. Tamén se promoven o respecto ás distintas culturas e a defensa do patrimonio.

Competencia dixital (CD): os procesos relacionados coas artes redundan tamén no uso da tecnoloxía como ferramenta de produción artística.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): familiarízase ao alumnado coa arte como xeito de expresión e de lecer. Coñécense técnicas e recursos artísticos e promóvese a creatividade.

Competencia de aprender a aprender (CAA): a manipulación das distintas técnicas e recursos favorece a reflexión e a exploración sensorial, aceptando os propios erros e buscando información.

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): a exploración e indagación de técnicas e recursos favorece a orixinalidade persoal e a posta en práctica de iniciativas e solucións diversas, a través dunha metodoloxía activa.

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Competencia en comunicación lingüística (CCL): a área contribúe ao uso da linguaxe como instrumento de expresión e comunicación oral e escrita. Beneficia o aumento do vocabulario e mellora a lectoescritura e a comprensión como xeito de integración social.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): utilízanse ferramentas, conceptos e procedementos matemáticos, como medidas, táboas, gráficos, etc.

Competencia sociais e cívicas (CSC): a área contribúe á percepción do espazo físico e á integración social nel, así como á súa valoración. Permite tamén a alfabetización científica e os hábitos saudables. Favorécese ademais a integración social nas relacións próximas e nos ámbitos xeográficos local, comarcal, autonómico, estatal e mundial, desenvolvendo actitudes de diálogo, resolución de conflitos ou aceptación do diferente, en aspectos como a educación viaria ou a non discriminación por raza, relixión ou sexo.

Competencia dixital (CD): incídese na alfabetización dixital e na obtención de información, coa pertinente interpretación e comunicación da mesma en diversos soportes (dixitais, cartográficos, esquemas...).

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): a defensa do patrimonio é un dos valores aos que se contribúe desde a área, co recoñecemento das manifestacións culturais en relación coa diversidade.

Competencia de aprender a aprender (CAA): a área favorece a curiosidade e as ansias de investigación, coa conseguinte obtención de información e o seu trato.

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): esa obtención de información incide no desenvolvemento da autonomía, promovendo a capacidade de toma de decisións, a perseveranza ou a autocrítica entre outras calidades.

5.1. Área de Lingua galega

Obxectivos e competencias

- Mellorar a comprensión lectora mediante a formulación de preguntas durante a lectura (CCL, CAA, CSIEE)
- Aumentar o vocabulario propio como xeito de desenvolvemento da imaxinación (CCL, CCEC)
- Producir textos orais e escritos coa fin de mellora na comunicación, ao través do enriquecemento do vocabulario e a corrección gramatical (CCL)
- Ordenar mentalmente a información de cara á transmisión correcta de textos, a nivel oral ou escrito (CCL, CMCT)
- Empregar correctamente os signos de puntuación (CCL)

- Transformar mensaxes numéricas ou gráficas en mensaxes orais, como xeito de desenvolvemento mental (CCL, CMCT, CAA)
- Recoñecer a importancia da concordancia no número cara unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Valorar a importancia da corrección ortográfica (CCL)
- Aplicar a produción de textos orais e escritos a situación da vida real (CCL, CSC)
- Pór en relación a linguaxe, como conxunto de signos que é, co razoamento matemático (CMCT)
- Favorecer a comprensión de problemas matemáticos (CCL, CMCT)
- Coñecer a realidade que nos rodea ao través das distintas mensaxes orais e escritas (CCL, CSC, CMCT)
- Usar as TIC para obter información (CD, CMCT, CAA)
- Inculcar actitudes de respecto aos demais por medio dunha linguaxe non discriminatoria (CSC)
- Utilizar a linguaxe como medio de resolución de conflitos (CSC)
- Promover hábitos saudables ao través da lectura de textos informativos (CSC, CSIEE)
- Recoñecer nas diferentes lecturas valores positivos (CSC, CCL)
- Aceptar as diferenzas culturais e lingüísticas das persoas (CSC)
- Comprender e producir mensaxes con diferentes tipos de interlocutores (CSC, CCL)
- Respectar as opinións dos compañeiros e compañeiras (CSC)
- Valorar a lingua como instrumento de creación artística, ao través de contos e poesías (CCL, CCEC)
- Mellorar a linguaxe escrita mediante o uso de distintos recursos gráficos (CCL, CCEC)
- Valorar a parte popular das linguas, tanto desde o punto de vista exclusivamente lingüístico, como literario, de cara á conservación das tradicións propias e as de outras culturas (CCL, CSC, CCEC)
- Procurar o gusto pola estética lingüística (CCEC)
- Realizar xogos creativos a partir do uso da lingua (CCEC, CSIEE)
- Comparar distintos textos informativos de cara ao coñecemento das distintas realidades culturais, de cara a promover o respecto polas mesmas (CSC, CCEC, CCL)

- Potenciar a curiosidade como xeito de aprendizaxe, mediante a formulación de preguntas durante a lectura (CAA, CSIEE)
- Mellorar a capacidade de aprendizaxe mediante a potenciación da memoria, ao través da memorización de poesías, trabalinguas, etc. (CAA, CSIEE)
- Seleccionar a información en distintos tipos de textos e carteis (CAA, CSIEE)
- Ampliar o vocabulario a partir dun contexto adecuado no tratamento dos distintos temas do currículo (CCL, CAA)
- Realizar resumos e esquemas de cara ao desenvolvemento da capacidade de exposición oral e escrita (CAA, CCL, CSIEE)
- Utilizar axeitadamente os tempos verbais para mellorar a calidade das mensaxes (CCL, CAA)
- Promover unha actitude de consulta do dicionario (CAA, CSIEE)
- Procurar unha actitude de autocorrección (CAA, CSIEE)
- Buscar información de diferentes xeitos, de cara a desenvolver habilidades de traballo independentes (CAA, CSIEE)
- Expresar razoamentos propios que permitan a resolución de problemas (CAA, CSIEE)
- Desenvolver os hábitos lectores como recurso de ocio (CAA, CSIEE, CSC)
- Anotar os erros cometidos de cara á procura dunha actitude de mellora (CAA, CSIEE)
- Manexar distintos medios de comunicación (CAA, CSIEE, CSC)
- Desenvolver a habilidade de formular preguntas a distintas persoas e en distintos contextos cara o progreso intelectual propio (CAA, CSIEE)

Secuencia de Contidos por bloques. Temporalización

1. Comunicación oral. Falar e escoitar:

- a. Comprensión de textos orais sobre feitos significativos
- b. Produción de textos orais sinxelos, con elaboración de resumos e exposicións
- c. Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a conversa telefónica, o conto, a lenda, o recitado de poemas,...)
- d. Elementos lingüísticos que acompañan a comunicación oral: a expresividade.
- e. Formas da tradición oral de Galicia: os trabalinguas, as adiviñas, os chistes...
- f. Os elementos da comunicación non verbal (sons, xestos...)

- g. Actitude de escoita adecuada, respectando as quendas e as opinións
- h. Participación nas situacións comunicativas

2. Comunicación escrita. Ler:

- a. Comprensión da información relevante en textos
- b. Contrastes de información
- c. A linguaxe en interacción coa música: recitado de poemas, dramatizacións, representacións de contos,...
- d. Os medios de comunicación escritos: periódicos, revistas.

3. Comunicación escrita. Escribir:

- a. Uso de estratexias de planificación
- b. Respecto polas normas ortográficas
- c. Peculiaridades da comunicación escrita: posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación do pensamento, posibilidade de revisión,...
- d. A necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información (xeroglíficos, xogos de palabras, o dicionario,...)
- e. Diferentes tipos de textos escritos: a narración, o conto, o cómic, a descrición (de obxectos e de persoas), a noticia periodística,...
- f. Diferentes soportes de linguaxe escrita: cartas, carteis, periódicos,...

4. Coñecemento da lingua:

- a. A comunicación.
- b. A oración. Tipos. Suxeito e predicado.
- c. O nome: común e propio, individual e colectivo. O xénero e o número.
- d. O adxectivo. Os determinantes. O pronome persoal. O verbo.
- e. Tipos de textos e estruturas de cada un deles: narración, descrición, poesía, teatro...
- f. Normas ortográficas: acentuación, ditongos, maiúsculas, palabras dificultosas, abreviaturas e siglas.
- g. O significado das palabras: polisémicas, familias de palabras e campos semánticos, palabras derivadas e compostas (prefixos e sufixos).
- h. A situación lingüística de Galicia.

- i. A necesidade da normalización e de normativización.
- j. A realidade plurilingüe e pluricultural, do estado e do mundo, como expresión de diversidade e riqueza.

5. Educación literaria:

- a. Valoración da literatura como fonte de creatividade e gozo persoais
- b. Literatura oral popular galega
- c. Lectura e comentario de obras literarias de variados xéneros e en galego adecuadas á idade e intereses do alumnado

Temporalización

Os contidos estruturaránse ao longo do curso en 9 unidades didácticas. Cada unidade traballarase durante 3-4 semanas, correspondéndose 3 unidades por trimestre. Isto estará exposto a unha posible flexibilización con respecto aos casos particulares que existan en cada aula.

Criterios de avaliación en relación coas CC

- Mellorar a comprensión lectora mediante a formulación de preguntas durante a lectura (CCL)
- Aumentar o vocabulario propio como xeito de desenvolvemento da imaxinación (CCL)
- Producir textos orais e escritos coa fin de mellora na comunicación, ao través do enriquecemento do vocabulario e a corrección gramatical (CCL)
- Ordenar mentalmente a información de cara á transmisión correcta de textos, a nivel oral ou escrito (CCL, CAA)
- Empregar correctamente os signos de puntuación (CCL)
- Transformar mensaxes numéricas ou gráficas en mensaxes orais, como xeito de desenvolvemento mental (CCL, CSIEE)
- Recoñecer a importancia da concordancia no número cara unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Valorar a importancia da corrección ortográfica (CCL)
- Aplicar a produción de textos orais e escritos a situación da vida real (CCL, CSC)

- Coñecer a realidade que nos rodea ao través das distintas mensaxes orais e escritas (CSC, CMCT)
- Usar as TIC para obter información (CD)
- Inculcar actitudes de respecto aos demais por medio dunha linguaxe non discriminatoria (CSC)
- Utilizar a linguaxe como medio de resolución de conflitos (CSC)
- Promover hábitos saudables ao través da lectura de textos informativos (CSC, CCL)
- Recoñecer nas diferentes lecturas valores positivos (CSC)
- Aceptar as diferenzas culturais e lingüísticas das persoas (CSC)
- Comprender e producir mensaxes con diferentes tipos de interlocutores (CSC, CCL)
- Respetar as opinións dos compañeiros e compañeiras (CSC)
- Valorar a lingua como instrumento de creación artística, ao través de contos e poesías (CCEC)
- Mellorar a linguaxe escrita mediante o uso de distintos recursos gráficos (CCEC, CSIEE)
- Valorar a parte popular das linguas, tanto desde o punto de vista exclusivamente lingüístico, como literario, de cara á conservación das tradicións propias e as de outras culturas (CSC, CCEC)
- Procurar o gusto pola estética lingüística (CCEC)
- Realizar xogos creativos a partir do uso da lingua (CCEC, CAA, CSIEE)
- Comparar distintos textos informativos de cara ao coñecemento das distintas realidades culturais, de cara a promover o respecto polas mesmas (CSC, CAA, CSIEE)
- Potenciar a curiosidade como xeito de aprendizaxe, mediante a formulación de preguntas durante a lectura (CAA, CSIEE)
- Mellorar a capacidade de aprendizaxe mediante a potenciación da memoria, ao través da memorización de poesías, trabalinguas, etc. (CAA)
- Seleccionar a información en distintos tipos de textos e carteis (CAA)
- Ampliar o vocabulario a partir dun contexto adecuado no tratamento dos distintos temas do currículo (CAA, CCL)

- Realizar resumos e esquemas de cara ao desenvolvemento da capacidade de exposición oral e escrita (CAA, CCL)
- Promover unha actitude de consulta do dicionario (CSIEE, CAA)
- Procurar unha actitude de autocorrección (CSIEE)
- Buscar información de diferentes xeitos, de cara a desenvolver habilidades de traballo independentes (CAA, CSIEE)
- Expresar razoamentos propios que permitan a resolución de problemas (CAA; CSIEE, CMCT)
- Desenvolver os hábitos lectores como recurso de ocio (CAA, CSIEE, CCEC)
- Anotar os erros cometidos de cara á procura dunha actitude de mellora (CSIEE, CAA)
- Manexar distintos medios de comunicación (CSIEE, CAA)
- Desenvolver a habilidade de formular preguntas a distintas persoas e en distintos contextos cara o progreso intelectual propio (CSIEE, CAA)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis en relación coas CC

- Mellora a comprensión lectora mediante a formulación de preguntas (CCL)
- Aumenta o vocabulario propio nun contexto de aprendizaxe significativa (CCL)
- Produce textos orais e escritos ao través do enriquecemento do vocabulario e a corrección gramatical (CCL)
- Ordena mentalmente a información a nivel oral ou escrito (CCL, CAA)
- Emprega correctamente os signos de puntuación (CCL)
- Transforma mensaxes numéricas ou gráficas en mensaxes orais (CCL, CSIEE)
- Recoñece a importancia da concordancia no número cara unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Valora a importancia da corrección ortográfica cara unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Aplica a produción de textos orais e escritos a situación da vida real (CCL, CSC)
- Coñece a realidade que nos rodea ao través das distintas mensaxes orais e escritas (CSC, CMCT)
- Usa as TIC para obter información (CD)
- Adquire actitudes de respecto aos demais por medio dunha linguaxe non discriminatoria (CSC)

- Utiliza a linguaxe como medio de resolución de conflitos (CSC)
- Promove hábitos saudables (CSC, CCL)
- Recoñece nas lecturas valores positivos (CSC)
- Acepta as diferenzas culturais e lingüísticas das persoas ao través da relación con elas (CSC)
- Comprende e produce mensaxes con diferentes tipos de interlocutores (CSC, CCL)
- Respecta as opinións dos compañeiros e compañeiras (CSC)
- Valora a lingua como instrumento de creación artística, ao través de contos e poesías (CCEC)
- Mellora a linguaxe escrita mediante o uso de distintos recursos gráficos (CCEC, CSIEE)
- Valora a parte popular das linguas de cara á conservación das tradicións propias e as de outras culturas (CSC, CCEC)
- Procura o gusto pola estética lingüística (CCEC)
- Realiza xogos creativos a partir do uso da lingua (CCEC, CAA, CSIEE)
- Compara distintos textos informativos de cara ao coñecemento das distintas realidades culturais, de cara a promover o respecto polas mesmas (CSC, CAA, CSIEE)
- Potencia a curiosidade como xeito de aprendizaxe, mediante a formulación de preguntas (CAA, CSIEE)
- Mellora a capacidade de aprendizaxe mediante a potenciación da memoria ao través de trabalinguas, etc. (CAA)
- Selecciona a información en distintos tipos de textos e carteis (CAA)
- Amplía o vocabulario a partir dun contexto adecuado no tratamento dos distintos temas do currículo (CAA, CCL)
- Realiza resumos e esquemas de cara ao desenvolvemento da capacidade de exposición oral e escrita (CAA, CCL)
- Promove unha actitude de consulta do dicionario (CSIEE, CAA)
- Procura unha actitude de autocorrección (CSIEE)
- Busca información de diferentes xeitos, de cara a desenvolver habilidades de traballo independentes (CAA, CSIEE)

- Expressa razoamentos propios que contribúan á resolución de problemas (CAA; CSIEE, CMCT)
- Desenvolve hábitos lectores como recurso de ocio (CAA, CSIEE, CCEC)
- Anota os erros cometidos de cara á procura dunha actitude de mellora (CSIEE, CAA)
- Manexa distintos medios de comunicación (CSIEE, CAA)
- Desenvolve a habilidade de formular preguntas a distintas persoas e en distintos contextos cara o progreso intelectual propio (CSIEE, CAA)

Indicadores de logro avaliáveis en relación coas CC

- Progreso na comprensión lectora, mediante a formulación de preguntas (CCL)
- Enriquecemento do vocabulario propio de xeito significativo (CCL)
- Elabora textos orais e escritos ao través do enriquecemento do vocabulario e a corrección gramatical (CCL)
- Ordena mentalmente a información a nivel oral ou escrito (CCL, CAA)
- Coñecemento e uso correcto dos signos de puntuación (CCL)
- Transforma mensaxes numéricas ou gráficas en mensaxes orais (CCL, CSIEE)
- Aplica a concordancia no número cara unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Valora a importancia da corrección ortográfica cara unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Coñece a realidade que nos rodea ao través das distintas mensaxes orais e escritas (CSC, CMCT)
- Usa as TIC para obter información (CD)
- Posúe actitudes de respecto aos demais por medio dunha linguaxe non discriminatoria (CSC)
- Válese da linguaxe para a resolución de conflitos (CSC)
- Valora a importancia dos hábitos saudables (CSC, CCL)
- Comprende e acepta as diferenzas culturais e lingüísticas das persoas ao través da relación con elas (CSC)
- Comprende e produce mensaxes con diferentes tipos de interlocutores (CSC, CCL)
- Respecta as opinións dos demais, en concreto dos compañeiros e compañeiras (CSC)

- Desfrute coa lingua como instrumento de creación artística, ao través de contos e poesías (CCEC)
- Progreso na linguaxe escrita ao través do uso de distintos recursos gráficos (CCEC, CSIEE)
- Coñece e valora a parte popular das linguas de cara á conservación das tradicións propias e as de outras culturas (CSC, CCEC)
- Coida a estética lingüística (CCEC)
- Promove xogos creativos a partir do uso da lingua (CCEC, CAA, CSIEE)
- Compara distintos textos informativos de cara ao coñecemento das distintas realidades culturais, co fin de promover o respecto polas mesmas (CSC, CAA, CSIEE)
- Potencia a curiosidade como xeito de aprendizaxe, mediante a formulación de preguntas (CAA, CSIEE)
- Progreso na capacidade de aprendizaxe mediante a potenciación da memoria, ao través de trabalinguas, etc. (CAA)
- Clasifica a información en distintos tipos de textos e carteis (CAA)
- Realiza resumos e esquemas de cara ao desenvolvemento da capacidade de exposición oral e escrita (CAA, CCL)
- Promove unha actitude de consulta do dicionario e, en xeral, das dúbidas xeradas (CSIEE, CAA)
- Ten unha actitude de autocorrección (CSIEE)
- Busca, analiza e clasifica información de diferentes xeitos, de cara a desenvolver habilidades de traballo independentes (CAA, CSIEE)
- Expresa razoamentos propios que contribúan á resolución de problemas (CAA; CSIEE, CMCT)
- Posúe hábitos lectores como recurso de ocio (CAA, CSIEE, CCEC)
- Ten en conta os erros cometidos de cara á procura dunha actitude de mellora (CSIEE, CAA)
- Utiliza distintos medios de comunicación (CSIEE, CAA)
- Ten a habilidade de formular preguntas a distintas persoas e en distintos contextos cara o progreso intelectual propio (CSIEE, CAA)

Mínimos esixibles en relación coas CC e aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias no caso dunha educación non presencial

- Ler con fluidez e comprensión (CCL)
- A orde alfabética (CCL)
- Separación en sílabas (CCL)
- Facer unha pequena narración, oralmente ou por escrito, coa puntuación axeitada (CCL)
- Distinción dos principais tipos gramaticais das palabras: nomes, verbos e adxectivos (CCL)
- Uso do dicionario (CCL, CAA)
- Presentación limpa e correcta dos escritos ou calquera outra produción (CSC)
- Resumir textos sinxelos (CAA, CCL)

Estratexias e criterios de cualificación, procedementos e instrumentos da avaliación

A cualificación establecerase tendo en conta os resultados das probas orais e escritas, o traballo diario e a actitude na aula.

Efectuarase un seguimento diario do alumno/a a través da observación sistemática, valorando o esforzo e a participación nas actividades e na realización das tarefas axeitadamente en tempo e forma, (claridade, organización, limpeza...) No referente ás probas escritas ou controis, realizarase unha cada tema ou cada dous temas, en función de como vaia evolucionando o grupo en canto a ritmo de aprendizaxe e nivel de autonomía. En relación ao comportamento, valorarase que a actitude sexa a axeitada na aula.

Tamén se terá en conta á hora de perfilar a nota criterios coma a diversidade da clase, o plano emocional do alumno/a e as condicións xerais de promoción na clase.

Criterios cualificación	Expresión oral: 20% Expresión escrita: 20% Lectura: 20% Contidos: 20% Traballo e actitude: 20%
-------------------------	--

5.2. Área de Lingua castelá

Obxectivos por Competencias

- Mellorar a comprensión lectora mediante a formulación de preguntas durante a lectura (CCL, CAA, CSIEE)
- Aumentar O vocabulario propio como forma de desenvolvemento da imaxinación (CCL, CCEC)
- Producir textos orais e escritos co fin de mellorar a comunicación, a través do enriquecemento do vocabulario e a corrección gramatical (CCL)
- Ordenar mentalmente a información de cara á transmisión correcta de textos, a nivel oral o escrito (CCL, CMCT)
- Empregar correctamente os signos de puntuación (CCL)
- Transformar mensaxes numéricas ou gráficas en mensaxes orais, como forma de desenvolvemento mental (CCL, CMCT, CAA)
- Recoñecer a importancia da concordancia no número de cara a unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Valorar a importancia da corrección ortográfica (CCL)
- Aplicar a produción de textos orais e escritos a situacións da vida real (CCL, CSC)
- Poñer en relación a linguaxe, como conxunto de signos que é, co razoamento matemático (CMCT)
- Favorecer a comprensión de problemas matemáticos (CCL, CMCT)
- Coñecer a realidade que nos rodea a través das distintas mensaxes orais e escritas (CCL, CSC, CMCT)
- Usar as TIC para obter información (CD, CMCT, CAA)
- Inculcar actitudes de respecto aos demais por medio dunha linguaxe non discriminatoria (CSC)
- Utilizar a linguaxe como medio de resolución de conflitos (CSC)
- Promover hábitos saudables a través da lectura de textos informativos (CSC, CSIEE)
- Recoñecer nas diferentes lecturas valores positivos (CSC, CCL)
- Aceptar as diferenzas culturais e lingüísticas das persoas (CSC)
- Comprender e producir mensaxes con diferentes tipos de interlocutores (CSC, CCL)

- Respetar as opinións dos compañeiros e compañeiras (CSC)
- Valorar a lingua como instrumento de creación artística, a través de contos e poesías (CCL, CCEC)
- Mellorar a linguaxe escrita mediante o uso de distintos recursos gráficos (CCL, CCEC)
- Valorar a parte popular das linguas, tanto desde o punto de vista exclusivamente lingüístico, coma literario, de cara á conservación das tradicións propias e as doutras culturas (CCL, CSC, CCEC)
- Desenvolver o gusto pola estética lingüística (CCEC)
- Realizar xogos creativos a partir do uso da lingua (CCEC, CSIEE)
- Comparar distintos textos informativos de cara ao coñecemento das distintas realidades culturais, de cara a promover o respecto polas mesmas (CSC, CCEC, CCL)
- Potenciar a curiosidade como forma de aprendizaxe, mediante a formulación de preguntas durante a lectura (CAA, CSIEE)
- Mellorar a capacidade de aprendizaxe mediante a potenciación da memoria, a través da memorización de poesías, trabalinguas, etc. (CAA, CSIEE)
- Seleccionar a información en distintos tipos de textos e carteis (CAA, CSIEE)
- Ampliar o vocabulario a partir dun contexto adecuado no tratamento dos distintos temas do currículo (CCL, CAA)
- Realizar resumos e esquemas de cara ao desenvolvemento da capacidade de exposición oral e escrita (CAA, CCL, CSIEE)
- Utilizar de forma adecuada os tempos verbais para mellorar a calidade das mensaxes (CCL, CAA)
- Promover unha actitude de consulta do dicionario (CAA, CSIEE)
- Procurar unha actitude de autocorrección (CAA, CSIEE)
- Buscar información de diferentes formas, de cara a desenvolver habilidades de traballo independentes (CAA, CSIEE)
- Expresar razoamentos propios que permitan a resolución de problemas (CAA, CSIEE)
- Desenvolver os hábitos lectores como recurso de ocio (CAA, CSIEE, CSC)
- Anotar os erros cometidos de cara a procurar unha actitude de mellora (CAA, CSIEE)
- Manexar distintos medios de comunicación (CAA, CSIEE, CSC)

- Desenvolver a habilidade de formular preguntas a distintas persoas e en distintos contextos de cara ao progreso intelectual propio (CAA, CSIEE)

Secuencia de Contidos por bloques. Temporalización

1. Comunicación oral. Falar e escoitar:

- Comprensión de textos orais sobre feitos significativos
- Produción de textos orais sinxelos, con elaboración de resumos e exposicións
- Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a conversa telefónica, o conto, a lenda, recitado de poemas,...)
- Elementos lingüísticos que acompañan á comunicación oral: a expresividade.
- Formas de tradición oral: trabalinguas, adiviñas, chistes...
- Elementos de comunicación non verbal (sons, xestos...)
- Actitude de escoita adecuada, respectando turnos e opinións
- Participación en situacións comunicativas
- Utilización de estratexias para a comprensión lectora: títulos, ilustracións, palabras clave...

2. Comunicación escrita. Ler:

- Comprensión da información relevante en textos
- Contrastes de información
- A linguaxe en interacción coa música: recitado de poemas, dramatizacións, representacións de contos...
- Os medios de comunicación escritos: xornais, revistas.

3. Comunicación escrita. Escribir:

- Uso de estratexias de planificación
- Respecto polas normas ortográficas
- Peculiaridades da comunicación escrita: posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación del pensamento, posibilidade de revisión...
- A necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información (xeroglíficos, xogos de palabras, o dicionario,...)
- Diferentes tipos de textos escritos: a narración, o conto, o cómic, a descripción (de obxectos e de persoas), a noticia periodística...

f. Diferentes soportes da linguaxe escrita: cartas, carteis, xornais,...

4. Coñecemento da lingua:

a. A comunicación.

b. A oración. Tipos. Suxeito e predicado.

c. O nome: común e propio, individual y colectivo. O xénero e o número.

d. O adxectivo. Os determinantes. O pronome persoal. O verbo.

e. Tipos de textos e estruturas de cada un deles: narración, descrición, poesía, teatro,...

f. Normas ortográficas: acentuación, ditongos, maiúsculas, palabras dificultosas, abreviaturas e siglas.

O significado das palabras: polisémicas, familias de palabras e campos semánticos, palabras derivadas e compostas (prefixos e sufixos).

g. A situación lingüística de Galicia.

h. A necesidade de normalización e de normativización.

i. A realidade plurilingüe e pluricultural, do estado e do mundo, como expresión de diversidade e riqueza.

5. Educación literaria:

a. Valoración da literatura como fonte de creatividade e gozo persoais.

b. Literatura oral popular.

c. Lectura e comentario de obras literarias de variados xéneros adecuadas á idade e intereses do alumnado.

Temporalización

Os contidos desta programación estrutúranse orgánzanse ao longo dun curso escolar en 12 unidades didácticas. Cada unidade traballarase ao longo de 2-3 semanas, correspondendo 4 unidades por trimestre, tendo en conta unha flexibilización ao respecto no caso particular de cada aula, en función da súa diversidade.

O mes de setembro dedicarase a tarefas de repaso do curso anterior, o que permitirá a avaliación inicial dos alumnos e alumnas, mentres que o mes de xuño destinarase ao repaso do curso actual.

Criterios de avaliación en relación ás CC

- Mellorar a comprensión lectora mediante a formulación de preguntas durante a lectura (CCL, CAA)
- Aumentar o vocabulario propio como forma de desenvolvemento da imaxinación (CCL, CAA)
- Producir textos orais e escritos co fin de mellorar na comunicación, a través do enriquecemento do vocabulario e a corrección gramatical (CCL, CSIEE)
- Ordenar mentalmente a información de cara á transmisión correcta de textos, a nivel oral o escrito (CCL, CSIEE)
- Empregar correctamente os signos de puntuación (CCL)
- Transformar mensaxes numéricos o gráficos en mensaxes orais, como forma de desenvolvemento mental (CCL, CSIEE)
- Recoñecer a importancia da concordancia no número cara unha utilización correcta da lingua (CCL)
- Valorar a importancia da corrección ortográfica (CCL)
- Aplicar a produción de textos orais e escritos a situacións da vida real (CCL, CSC)
- Coñecer a realidade que nos rodea a través das distintas mensaxes orais e escritas (CSC, CSIEE)
- Usar as TIC para obter información (CD)
- Inculcar actitudes de respecto aos demais por medio dunha linguaxe non discriminatoria (CSC)
- Utilizar linguaxe como medio de resolución de conflitos (CSC)
- Promover hábitos saudables a través da lectura de textos informativos (CSC)
- Recoñecer nas diferentes lecturas valores positivos (CSC)
- Aceptar as diferenzas culturais e lingüísticas das persoas (CSC)
- Comprender e producir mensaxes con diferentes tipos de interlocutores (CSC)
- Respetar as opinións dos compañeiros e compañeiras (CSC)
- Valorar a lingua como instrumento de creación artística, a través de contos e poesías (CCEC)
- Mellorar a linguaxe escrita mediante o uso de distintos recursos gráficos (CCEC, CCL)

- Valorar a parte popular das linguas, tanto desde o punto de vista exclusivamente lingüístico, coma literario. Cara a conservación das tradicións propias e as doutras culturas (CCEC, CSC)
Criterios cualificación	Comprensión/ Expresión oral: 20% Comprensión/Expre sión escrita: 20% Contidos: 30% Traballo e actitude: 30%
-------------------------	--

5.6. Área de Plástica

Obxectivos por Competencias

- Propiciar situacións creativas diversas a partir de la lectura comprensiva de textos (CCL, CCEC)
- Desenvolver situacións creativas diversas a partir da reflexión e análise das mensaxes orais propias e dos demais (CCL, CCEC)
- Formar un xuízo crítico a partir da análise das distintas creacións artísticas (CCL, CCEC, CSIEE)
- Descubrir outros medios e culturas (CCL, CCEC, CSC)
- Representar e interpretar a realidade mediante os distintos elementos matemáticos (CCEC, CMCT)
- Desenvolver a percepción e representación do espazo físico no que ten lugar a vida en xeral, e a humana en particular (CCEC, CSC, CMCT)
- Utilizar os recursos tecnolóxicos apropiados para a asimilación dos contidos da área (CCEC, CD)
- Respetar as diferenzas individuais a través dos distintos gustos plásticos (CCEC, CSC)
- Ter unha actitude construtiva, solidaria e responsable nas tarefas propostas (CCEC, CSC)
- Valorar as manifestacións máis salientables do patrimonio cultural (CCEC, CSC)
- Coñecer algunhas das principais correntes estéticas (CCEC, CSC)
- Desenvolver diferentes recursos e técnicas de representación artística como forma de melloría intelectual (CCEC, CAA, CSIEE)
- Valorar a lingua como recurso artístico, por medio da poesía (CCEC, CCL)
- Planificar os procesos necesarios para acadar os resultados desexados (CCEC, CAA, CSIEE)

- Potenciar a motivación dun mesmo, así coma a autoconfianza e o gusto por aprender (CAA; CSIEE)
- Formular diversas preguntas ante unha mesma situación de cara á diversificación de estratexias, buscando a mellor solución posible (CAA, CSIEE)
- Obter información en distintos soportes (CAA, CSIEE)
- Respetar as achegas dos demais (CSIEE, CSC)
- Desenvolver o espírito de superación nos proxectos persoais e de grupo (CSIEE, CSC)
- Desenvolver o espírito crítico na análise da información (CSIEE, CAA)
- Saber expresar as opinións propias para a consecución dun traballo cooperativo eficaz (CSIEE, CAA, CSC)
- Aceptar con sinceridade as limitacións persoais para mellorar a imaxe persoal e a autoestima (CSIEE, CAA, CSC)

Secuencia de Contidos por bloques. Temporalización

1. Observación plástica

- Elementos básicos da linguaxe plástica e visual: liña, cor, textura e forma.
- Formas naturais e artificiais do contorno. Formas xeométricas básicas.
- Esquematzación de formas complexas por síntese ou eliminación. Busca de posibilidades.
- Concepto intuitivo de perspectiva.
- A proporción.
- Proporcionalidade: sombras chinesas.
- Imaxe fixa e en movemento. Representacións bidimensionais e tridimensionais. Imaxessecuenciadas.

2. Expresión plástica

- Corpos xeométricos básicos: características. Os polígonos regulares e o volume. Xogos xeométricos: o tangram.
- A colaxe.

- Técnicas de dúas dimensións (debuxo, pintura) e de tres dimensións (escultura, modelado).
- Cores primarias e secundarias, frías e cálidas.
- Posibilidades plásticas e expresivas do propio corpo.

Temporalización

Os contidos anteriores estruturaránse quincenalmente. Terase en conta unha flexibilización ao respecto no caso particular de cada aula, en función da súa diversidade, e en función tamén das tarefas que se realicen en coordinación con outros equipos docentes (extraescolares, etc.)

Criterios de avaliación en relación ás CC

- Apreciar a utilización de recursos expresivos que comuniquen ideas, sentimentos e vivencias (CCL, CCEC)
- Aplicar conceptos matemáticos nas realizacións artísticas (orde, medidas, figuras xeométricas...) (CMCT, CCEC)
- Valorar a capacidade de observación dos elementos plásticos e visuais de animais, plantas e obxectos do contorno. (CCEC, CMCT, CSC)
- Valorar elementos como o punto de vista do observador, a amplitude do plano, o contido, etc., a través da observación do contorno (CCEC, CMCT, CSC)
- Utilizar software na creación artística a nivel básico (debuxoselementais, coloreado de formas...) (CD, CCEC)
- Comprobar a capacidade de participación en accións colectivas de interpretación e representación plásticas (CCEC, CSC)
- Comprobar a capacidade de discriminar formas nunha imaxe dada (CCEC)
- Avaliar a transformación imaxinativa da realidade a través da linguaxe plástica (CCEC)
- Realizar representacións teatrais con invención de argumentos, personaxes e situación (CCEC)
- Avaliar a capacidade de busca de posibilidades expresivas de obxectos diversos (CCEC)

- Avaliar a sintetización e orde das ideas clave que resumen unha historia ou representación (CAA, CCEC)
- Avaliar o dominio da coordinación visomotriz nos traballos manuais (CCEC, CSIEE)
- Valorar a elección de técnicas, materiais e instrumentos nas representacións plásticas (CCEC, CSIEE)
- Comprobar a secuenciación, atendendo á orde na que se presentan, de mensaxes e instrucións visuais (CCEC, CSIEE)
- Comprobar a capacidade de invención de argumentos e de busca dos medios para a representación artística (CCEC, CSIEE)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis en relación coas CC

- Aprecia a utilización de recursos expresivos que comuniquen ideas, sentimentos e vivencias (CCL, CCEC)
- Aplica conceptos matemáticos nas realizacións artísticas (orde, medidas, figuras xeométricas...) (CMCT, CCEC)
- Valora a capacidade de observación dos elementos plásticos e visuais de animais, plantas e obxectos do contorno (CCEC, CMCT, CSC)
- Valora elementos como o punto de vista do observador, a amplitude del plano, o contido, etc., a través da observación do contorno (CCEC, CMCT, CSC)
- Utiliza software na creación artística a nivel básico (debuxoselementais, coloreado de formas...) (CD, CCEC)
- Comproba a capacidade de participación en accións colectivas de interpretación e representación plásticas (CCEC, CSC)
- Comproba a capacidade de discriminar formas nunha imaxe dada (CCEC)
- Avalía a transformación imaxinativa da realidade a través da linguaxe plástica (CCEC)
- Realiza representacións teatrais con invención de argumentos, personaxes e situación (CCEC)
- Avalía a capacidade de busca de posibilidades expresivas de obxectos diversos (CCEC)
- Avalía a sintetización e orde das ideas clave que resumen unha historia ou representación (CAA, CCEC)

- Avalía o dominio da coordinación visomotriz nos traballos manuais (CCEC, CSIEE)
- Valora a elección de técnicas, materiais e instrumentos nas representacións plásticas (CCEC, CSIEE)
- Comproba a secuenciación, atendendo á orde en que se presentan, de mensaxes e instrucións visuais (CCEC, CSIEE)
- Comproba a capacidade de invención de argumentos e de busca dos medios para a representación artística (CCEC, CSIEE)

Indicadores de logro avaliáveis en relación coas CC

- Utiliza recursos expresivos que comunican ideas, sentimentos e vivencias (CCL, CCEC)
- Aplica conceptos matemáticos nas realizacións artísticas (orde, medidas, figuras xeométricas...) (CMCT, CCEC)
- Aprecia os elementos plásticos e visuais de animais, plantas e obxectos do contorno, desenvolvendo a capacidade de observación (CCEC, CMCT, CSC)
- Desenvolve a apreciación de elementos como o punto de vista do observador, a amplitude do plano, o contido, etc., a través da observación do contorno (CCEC, CMCT, CSC)
- Utiliza software na creación artística (debuxos elementales, coloreado de formas...) (CD, CCEC)
- Desenvolve a capacidade de participación en accións colectivas de interpretación e representación plásticas (CCEC, CSC)
- Amplía a capacidade de discriminar formas nunha imaxe dada (CCEC)
- Realiza representacións teatrais con invención de argumentos, personaxes e situación (CCEC)
- Analiza as posibilidades expresivas de obxectos diversos (CCEC)
- Sintetiza e ordena as ideas clave que resumen unha historia ou representación (CAA, CCEC)
- Desenvolve a coordinación visomotriz nos traballos manuais (CCEC, CSIEE)
- Avalía a elección de técnicas, materiais e instrumentos nas representacións plásticas (CCEC, CSIEE)

- Ten en conta a secuenciación, atendendo á orde en que se presentan, de mensaxes e instrucións visuais (CCEC, CSIEE)

Mínimos esixibles en relación coas CC e aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias en caso dunha educación non presencial

- Avaliar a transformación imaxinativa da realidade a través da linguaxe plástica (CCL, CCEC, CSC, CMCT, CAA, CSIEE)
- Valorar a elección de técnicas, materiais e instrumentos nas representacións plásticas (CCEC, CD)
- Avaliar o dominio da coordinación visomotriz nos traballos manuais (CCEC, CSIEE)
- Comprobar a capacidade de participación en accións colectivas de interpretación e representación plásticas (CCEC, CSC, CSIEE)

Estratexias e criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación

A observación directa do traballo na clase, a súa conclusión e técnicas empregadas na súa realización, así como a actitude sostida ao longo de aquel, serán os criterios de cualificación a ter en conta, sempre contando cunha flexibilización nos obxectivos propostos.

Criterios cualificación	Expr. oral: 25% Expr: 25% Contidos: 25% Actitude: 25%
-------------------------	--

5.7. Área de Valores sociais e cívicos

Obxectivos por Competencias

- Afondar no autoconhecimento persoal (CSIEE)
- Comprender as capacidades e necesidades propias (CSIEE)

- Contribuír a se formar o autoconcepto (CAA, CSC)
- Contribuír ao control das emocións desde o control do pensamento (CSIEE, CAA)
- Potenciar o sentido de responsabilidade (CSIEE)
- Ser capaz de adquirir compromisos adecuados ás idades dos alumnos (CSC)
- Saber valorar na xusta medida o feito de cometer erros (CSIEE, CAA)
- Contribuír ao control das frustracións como xeito de mellora do autoconcepto (CSIEE)
- Potenciar a capacidade de iniciativa e autonomía persoais de cara ao logro de creacións propias útiles (CSIEE, CCEC, CMCT)
- Desenvolver unha maior habilidade comunicativa ao través de elementos da comunicación non verbais como o ton de voz ou o dominio do espazo comunicativo (CCL, CSC)
- Saber escoitar, preguntar e argumentar como xeito de alcanzar unha actitude construtiva nos procesos de aprendizaxe e integración social positiva (CAA, CSC)
- Desenvolver elementos que favorecen a comunicación, como a empatía, o altruísmo, a tolerancia e a valoración do outro ou as condutas solidarias (CSC)
- Ter unha actitude de busca continua do mellor argumento (CSIEE, CCL)
- Respetar os elementos implicados nas relacións persoais debidos a diferenza de sexo (CSC)
- Desenvolver actitudes viarias construtivas, solidarias e de respecto (CSC)
- Desenvolver o sentido de cooperación, respecto ás normas e de resolución de conflitos, de cara a unha potenciación da convivencia social (CSC)

Secuencia de Contidos por bloques. Temporalización

1. A identidade e a dignidade da persoa

- O autocoñecemento: características persoais, capacidades e necesidades propias
- O autoconcepto

- O pensamento e as emocións
- O autocontrol
- A responsabilidade
- O compromiso
- Valoración dos erros
- A frustración
- A iniciativa e autonomía persoais e as creacións

2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais

- Habilidades comunicativas. Elementos da comunicación non verbais: ton de voz, emprego do espazo...
- escoitar, preguntar, argumentar
- Elementos que favorecen a comunicación: empatía, altruísmo, tolerancia e valoración do outro, as condutas solidarias...
- A busca do mellor argumento

3. A convivencia e os valores sociais

- As diferenzas de sexo
- Educación viaria
- Cooperación, normas e resolución de conflitos

Temporalización

Os contidos anteriores estruturaránse quincenalmente. Terase en conta unha flexibilización ao respecto no caso particular de cada aula en función da súa diversidade.

Criterios de avaliación en relación ás CC

- Afondar no autoconhecimento persoal (CSIEE)
- Comprender as capacidades e necesidades propias (CSIEE)
- Desenvolver o autoconcepto (CAA, CSC)
- Controlar as emocións desde o control do pensamento (CSIEE, CAA)
- Potenciar o sentido de responsabilidade (CSIEE)

- Ser capaz de adquirir compromisos adecuados ás idades dos alumnos (CSC)
- Valorar na xusta medida o feito de cometer erros (CSIEE, CAA)
- Controlar as frustracións como xeito de mellora do autoconcepto (CSIEE)
- Potenciar a capacidade de iniciativa e autonomía persoais de cara ao logro de creacións propias útiles (CSIEE, CCEC, CMCT)
- Desenvolver unha maior habilidade comunicativa ao través de elementos da comunicación non verbais como o ton de voz ou o dominio do espazo comunicativo (CCL, CSC)
- Saber escoitar, preguntar e argumentar como xeito de alcanzar unha actitude construtiva nos procesos de aprendizaxe e integración social positiva (CAA, CSC)
- Desenvolver elementos que favorecen a comunicación, como a empatía, o altruísmo, a tolerancia e a valoración do outro ou as condutas solidarias (CSC)
- Ter unha actitude de busca continua do mellor argumento (CSIEE, CCL)
- Respetar os elementos implicados nas relacións persoais debidos a diferenza de sexo (CSC)
- Desenvolver actitudes viarias construtivas, solidarias e de respecto (CSC)
- Desenvolver o sentido de cooperación, respecto ás normas e de resolución de conflitos, de cara a unha potenciación da convivencia social (CSC)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis en relación coas CC

- Afonda no autoconñecemento persoal (CSIEE)
- Comprende as capacidades e necesidades propias (CSIEE)
- Forma o autoconcepto (CAA, CSC)
- Controla as emocións desde o control do pensamento (CSIEE, CAA)
- Desenvolve sentido de responsabilidade (CSIEE)
- É capaz de adquirir compromisos adecuados ás idades dos alumnos (CSC)
- Valora na xusta medida o feito de cometer erros (CSIEE, CAA)
- Controla as frustracións como xeito de mellora do autoconcepto (CSIEE)

- Mellora a capacidade de iniciativa e autonomía persoais de cara ao logro de creacións propias útiles (CSIEE, CCEC, CMCT)
- Desenvolve unha maior habilidade comunicativa ao través de elementos da comunicación non verbais como o ton de voz ou o dominio do espazo comunicativo (CCL, CSC)
- escoita, pregunta e argumenta como xeito de alcanzar unha actitude construtiva nos procesos de aprendizaxe e integración social positiva (CAA, CSC)
- Desenvolve elementos que favorecen a comunicación, como a empatía, o altruísmo, a tolerancia e a valoración do outro ou as condutas solidarias (CSC)
- Ten unha actitude de busca continua do mellor argumento (CSIEE, CCL)
- Respecta os elementos implicados nas relacións persoais debidos a diferenza de sexo (CSC)
- Desenvolve actitudes viarias construtivas, solidarias e de respecto (CSC)
- Desenvolve o sentido de cooperación, respecto ás normas e de resolución de conflitos, de cara a unha potenciación da convivencia social (CSC)

Indicadores de logro avaliados en relación coas CC

- Desenvolve o autoconhecimento persoal, formando o seu autoconceito de xeito progresivo (CSIEE, CAA, CSC)
- É consciente das capacidades e necesidades propias (CSIEE)
- Coñece e controla as súas emocións (CSIEE, CAA)
- Mellora o seu sentido de responsabilidade (CSIEE)
- Adquire compromisos adecuados á súa idade (CSC)
- Admite o feito de cometer erros (CSIEE, CAA)
- Controla as frustracións como maneira de mellorar o seu autoconceito (CSIEE)
- Desenvolve a capacidade de iniciativa e autonomía persoais de cara ao logro de creacións propias útiles (CSIEE, CCEC, CMCT)
- Mellora a súa habilidade comunicativa ao través de elementos non verbais como o ton de voz ou a comprensión do espazo comunicativo (CCL, CSC)

- Escoita, pregunta e argumenta cara alcanzar unha actitude construtiva nos procesos de aprendizaxe e na integración social positiva (CAA, CSC)
- Posúe elementos que favorecen a comunicación, como a empatía, o altruísmo, a tolerancia e a valoración do outro ou as condutas solidarias (CSC)
- Busca da mellora na argumentación (CSIEE, CCL)
- Respecta os elementos implicados nas relacións persoais en función da diferenza de sexo (CSC)
- Ten actitudes viarias construtivas, solidarias e de respecto (CSC)
- Desenvolve o sentido de cooperación na resolución de conflitos, cara a unha potenciación da convivencia social (CSC)

Mínimos esixibles en relación coas CC e aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias no caso dunha educación non presencial

- Afondar no autoconhecimento persoal (CSIEE)
- Desenvolver o autoconcepto (CAA, CSC)
- Controlar as emocións desde o control do pensamento (CSIEE, CAA)
- Potenciar o sentido de responsabilidade (CSIEE)
- Ser capaz de adquirir compromisos adecuados ás idades dos alumnos (CSC)
- Valorar na xusta medida o feito de cometer erros (CSIEE, CAA)
- Controlar as frustracións como xeito de mellora do autoconcepto (CSIEE)
- Potenciar a capacidade de iniciativa e autonomía persoais de cara ao logro de creacións propias útiles (CSIEE, CCEC, CMCT)
- Saber escoitar e preguntar como xeito de alcanzar unha actitude construtiva nos procesos de aprendizaxe (CAA, CSC)
- Respectar os elementos implicados nas relacións persoais debidos a diferenza de sexo (CSC)
- Desenvolver o sentido de cooperación, respecto ás normas e de resolución de conflitos, de cara a unha potenciación da convivencia social (CSC)

Estratexias e criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación

A observación directa do traballo na clase, a implicación nel e a mostra de actitudes apropiadas como a escoita e o diálogo, serán os criterios de cualificación a ter en conta, sempre contando cunha flexibilización nos obxectivos propostos, ante condicionantes coxunturais da clase.

Criterios cualificación	Expr. oral: 25% Expr: 25% Contidos: 25% Actitude: 25%
-------------------------	--

5.8. AS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS

Realizaranse as actividades e exercicios contemplados nas programacións diarias de aula (exercicios dos libros de texto, fichas, actividades lúdicas ou ligadas ao uso das TIC –editores de texto, follas de cálculo, deseño gráfico...), máis as ligadas ás celebracións do centro e contempladas na PXA, sen menoscabo das que podan xurdir ao longo do curso e consideremos adecuadas desde o punto de vista didáctico e **en relación coa situación Covid-19.**

Tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe encontrados ao longo das diferentes fases do proceso de avaliación (inicial e seguimento), elaboraranse actividades de recuperación, de reforzo e de ampliación, para aplicar nos momentos oportunos (final de cada unidade e durante o desenvolvemento dos proxectos así coma despois da avaliación).

Estas actividades e materiais consistirán en:

- ✓ Enquisas ou charlas, á parte da observación diaria do/a mestre/a na aula, como paso previo para detectar as necesidades.
- ✓ Fichas adaptadas aos distintos niveis detectados e que poden ser: escritas, seleccionadas entre os textos dos que se dispoña, elaboradas polo/a propio/a mestre/a ou ben a través de medios interactivos (integración das TIC no quefacer docente habitual).
- ✓ Xogos didácticos presentes na aula ou por medio de recursos interactivos.

Nestas actividades, manexarase un xeito de traballo grupal, en relación coa importancia da educación emocional, que **teña en conta os requisitos que a situación Covid-19 esixe**, e utilizaranse metodoloxías dinámicas, participativas ou de carácter lúdico. Será necesario tamén contar coa colaboración e a efectiva coordinación dos/das mestres/as especialistas que imparten na aula (PT, AL) no caso de existiren.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

En canto á **metodoloxía**, teremos en conta as pautas establecidas para todas as áreas no artigo 15 do D. 105, polo que a nosa Programación didáctica seguirá os principios propios dunha **ensinanza construtivista**, pois creemos que é a máis propicia para que o noso alumnado constrúa o seu propio coñecemento.

Os **contidos** traballados en cada unha das UD serán **globalizados e integrados**, o que nos permitirá entrar en contacto coas outras áreas do currículo. A súa asimilación será de vital importancia para o progreso do alumnado, por iso aplicaremos unha avaliación inicial en cada U.D, que nos permitirá coñecer tanto o nivel psicoevolutivo, como os coñecementos previos e os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, necesarios para poder traballar dentro da súa zona de desenvolvemento próxima (Vigotsky) e facilitarlle desta maneira unha **aprendizaxe significativa**.

As **actividades** incluídas en cada unha das UD propostas, servirán para traballar os obxectivos, as competencias clave e os elementos transversais acollidos no currículo de primaria, así como os proxectos mencionados no punto 4 desta P.D. Ademais, todas elas presentarán unha serie de características comúns (funcionais, activas, comunicativas, inclusivas, participativas, flexibles e lúdicas) e outras que variarán en función do traballado (os espazos, os materiais, o fomento do traballo cooperativo ou autónomo...). Tamén seguiremos en todas o mesmo esquema, que vai: do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral.

A clasificación que seguimos para as actividades formuladas atende á súa finalidade, tendo así: **actividades de iniciación-motivación** (poranse en marcha ó comezo da UD e teñen a intención de coñecer as ideas do alumnado respecto ós contidos a desenvolver), **actividades de desenvolvemento** (permitirán cuestionar os coñecementos previos, se son falsos, ou de amplialos, se son certos), **actividades de**

consolidación (serven para contrastar as ideas novas coas previas), **actividades de reforzo** (dirixidas ao alumnado que non alcanzou os coñecementos traballados), **actividades de ampliación** (permiten continuar construíndo coñecementos aos nenos e nenas que realizaron satisfactoriamente as actividades de desenvolvemento), **actividades complementarias/extraescolares** (se son posibles realizar este ano) e **actividades conmemorativas** (traballarémolas durante o curso).

Deixando atrás as actividades propostas, pasaremos a analizar os **agrupamentos** que os nosos alumnos/as seguirán para desenvolverlas de forma idónea. Estes son:

- **Individual:** os nenos e nenas resollen a actividade por si solos e nós limitarémonos a axudarlles a superar as dificultades e a reforzar os aspectos positivos.
- **En parellas:** o alumno/a traballa en colaboración doutro compañeiro (parellas mixtas) e o noso papel vai dirixido a establecer unha parella complementaria e a axudalos e orientalos nas dificultades que se presenten.
- **En pequeno grupo:** grupos compostos por 4 persoas. Esta organización ten como principais obxectivos o fomento do traballo cooperativo, a mellora da confianza e o compromiso dos alumnos/as. Para propiciar isto, o noso papel centrarase en orientar e dinamizar o traballo dos mesmos.
- **En gran grupo:** toda a clase participará na actividade en cuestión, mentres nós dinamizamos o grupo (actividades en asemblea).

Somos conscientes da realidade que vivimos actualmente co Covid19 e, malia que cremos moi necesario o traballo cooperativo en grupo, en moitas ocasións este verase limitado pola distribución dos pupitres na aula e a imposibilidade de que o alumnado estea en contacto. Independentemente disto, trataremos de que esta cooperación estea presente na aula, sexa de forma directa ou indirecta.

“*A clave da educación non é ensinar, senón espertar*” (ErnestRenan). Seguindo este teoría, evitaremos o abuso do noso poder na aula, favorecendo a iniciativa e a autonomía do noso alumnado e permitíndolle construír o seu propio coñecemento. Así, limitarémonos a construír situacións de aprendizaxe apropiadas, proporcionándolles os recursos didácticos necesarios e motivándoos no seu camiño ao éxito. Este **modelo de mestre** era o que Plá denominaba como **observador-interventor**.

O rol que adoptemos como mestres influirá nos **recursos** empregados, os cales determinarán as unidades didácticas. Podémoslos clasificar en tres grupos: organizativos, materiais e humanos.

Recursos organizativos: estudaremos o tempo e o espazo.

- O **tempo** de cada U.D virá condicionado polo horario de clase, o cal se configura tendo en conta o número de sesións semanais destinadas para a área (Anexo IV do D.105) e o descrito na curva de atención de Kraepelin.
- En relación ao **espazo**, as actividades levaranse a cabo principalmente na aula ordinaria, aínda que tamén haberá casos nos que se desenvolvan fóra dela (a aula TIC, a biblioteca, o patio...). Independentemente onde traballemos, intentaremos que o lugar sexa o máis apropiado para xerar estímulos positivos entre os cativos e as cativas.

Recursos materiais: estes fan referencia aos materiais didácticos que empregaremos no desenvolvemento das actividades formativas. Os que utilizaremos caracterizaranse por ser variados, por fomentar a aprendizaxe significativa ou por estar seleccionados con criterios adaptados ao grupo. Algunhas das súas funcións serán: proporcionar información ao alumnado, guialos na súa aprendizaxe, exercitar as súas habilidades, motivalos ou avaliar os seus coñecementos e habilidades. Clasifícamolos da seguinte maneira:

-Libros de texto:

- Lingua Galega, da editorial Xerais
- Lingua Castelá, da editorial Anaya
- Matemáticas, da editorial Vicens Vives

-Libros individuais de lectura propios e os que se xulguen como adecuados da biblioteca de aula e escolar (á que se acudirá, se fose viable, con fins concretos de traballo).

- Materiais diversos (en soporte papel e dixital) elaborados polo equipo de nivel de mestres/as para o estudo das áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

- Fichas con contidos de reforzo, ampliación, repaso, etc.

- Material instrumental fundamental: lapis, bolígrafos azul e/ou negro e vermello para as correccións, pinturas, ceras, plastilina, papel de seda, papel charón, cartolinas, xogo de regra, cartabón e escuadro, e cadernos de dobre pauta para as linguas e ciencias da natureza e sociais, e cuadrículado para matemáticas. Todo este material

será de uso exclusivamente individual atendendo de novo á casuística derivada da situación Covid-19.

- Xogos de lecto-escritura, crebacabezas, ábacos, moedas, etc.
- Utilización do ordenador e soportes dixitais, coas medidas hixiénicas pertinentes establecidas no Protocolo e Plan de Adaptación á situación Covid-19.
- Uso de material audiovisual para contos, documentais, etc., coa manipulación exclusiva do/da mestre/a en relación coas medidas hixiénicas de prevención anticovid-19 xa nomeadas.

Recursos humanos: fan referencia ás persoas que interveñen no proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

A maiores dos mestres, que seremos os que guíemos o proceso educativo no alumnado; tamén terán especial relevancia outros como a familia, que contribuirá activamente en cada unha das UD; o persoal alleo ao centro que interveña nas actividades e, se é o caso, o departamento de orientación ou o equipo de orientación específico.

7. A AVALIACIÓN

A **avaliación** é un elemento fundamental na práctica educativa, que nos proporciona unha gran cantidade de información, útil para desenvolver adecuadamente o noso traballo e o do alumnado.

As leis referidas á avaliación en Galicia son a Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción na nosa comunidade autónoma e o artigo 12 do D.105 e as modificacións establecidas na Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio (en adiante LOMLOE)

Ambas establecen que a avaliación será formativa, integradora, colexiada, **continua** e **global** e terase en conta o progreso en todas as áreas e a adquisición das competencias clave. Ademais, consideran como **referentes** para valorar o grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa e os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe**.

** Estos estándares de aprendizaxe desaparecerán coa entrada en vigor das modificacións en canto a avaliación e promoción establecidas pola LOMLOE.

A avaliación levarase a cabo en tres momentos:

A **avaliación inicial**, será necesaria para coñecer o punto de partida dos alumnos/as e poder levar así a cabo unha intervención axustada. Aplicarase ao comezo do curso (intercambiar información cos seus antigos mestres, reunións cos pais e nais e unha serie de probas específicas) e ao comezo das unidades didácticas.

A **avaliación procesual** está incluída no propio proceso educativo, proporcionando información permanente sobre o mesmo (as anotacións que se realicen no diario de aula), co obxectivo de realizar os axustes e as correccións necesarias se é o caso.

A **avaliación final** é a culminación do proceso de avaliación continua, para realizar unha estimación global do avance de cada alumno/a ao finalizar o curso (axudarémonos das rúbricas, o diario de aula e o cartafol).

En todos os procesos de avaliación, a colaboración dos titores co profesorado PT e AL nos casos dos nenos e nenas que reciben a súa intervención será fundamental.

¿QUE AVALIAMOS?

Avaliamos as persoas implicadas no proceso educativo.

A consecución dos obxectivos.

A organización do espazo, do tempo e dos recursos materiais.

A adecuación das programacións aos nenos.

¿COMO AVALIAMOS?

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de logro e mínimos esixibles, que recollen as aprendizaxes básicas que deben alcanzar os alumnos/as ao final da etapa en cada unha das áreas.

Instrumentos: diario do/a mestre/a, entrevistas, xogos, producións dos alumnos/as...

Formularémonos os seguintes interrogantes: respecto aos **obxectivos e contidos** traballados: foron adecuados?, foron excesivos?, logrouse o que se pretendía? En canto ás **actividades**: conseguín a participación de alumnos e adultos implicados?, foi adecuado o número de actividades realizadas?, foron orixinais ou repetitivas?. Respecto aos **recursos**: foron adecuados, suficientes ou escasos? Referido ás **familias**: logrouse a súa implicación?, cal foi o seu grao de implicación? Respecto a nosa propia **actitude como mestres/as**: souben descubrir e aproveitar os coñecementos previos do alumnado?, fun capaz de suscitar o conflito cognitivo?, ofrecín ao neno/a a oportunidade de solucionar o conflito? Atendendo á **metodoloxía**:

foi a axeitada?, por que?, en que favoreceu o desenvolvemento concreto desta Unidade Didáctica? En relación á **atención á diversidade**: foi suficiente a atención ás nee? En canto aos **temas transversais**: introducíronse correctamente?, conseguín sensibilizar ao alumnado?

AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da programación levarase a cabo entre o equipo docente de nivel e cubrirase ao final de cada trimestre. Os indicadores de logro que se establecerán son os mesmos que os do artigo 8 da Orde do 9 de xuño de 2016:

- Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adaptación ao alumnado e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Clima de traballo na aula.
- Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

En base ao analizado nas sesións de avaliación e considerando a maiores os resultados do alumnado, poderase modificar a programación didáctica de cara ao seguinte trimestre.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A **avaliación debe ser obxectiva**, tal e como se menciona na Orde do 9 de xuño de 2016, por iso as familias poden consultar os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción.

A avaliación desta programación será modificada coa implantación definitiva da LOMLOE

8. TEMPORALIZACIÓN

Os horarios sérvennos para tomar conciencia da regularidade das actividades. Terá un grao mínimo de flexibilidade para os imprevistos que poidan xurdir, así como da inclusión de conmemoracións, ritmos individuais do alumnado...

Os contidos, estruturaranse ao longo do curso en doce unidades didácticas en Matemáticas, doce en Lingua Castelá e nove en Lingua Galega; tres proxectos de traballo en Ciencias da Natureza e outros tantos en Ciencias Sociais.

MATERIAS	NÚMERO DE SESIÓNS POR SEMANA
LINGUA GALEGA	4 SESIÓN
LINGUA CASTELÁ	4 SESIÓN
MATEMÁTICAS	4 SESIÓN
CIENCIAS DA NATUREZA	2 SESIÓN
CIENCIAS SOCIAIS	3 SESIÓN
VALORES	1 SESIÓN
PLÁSTICA	1 SESIÓN

Distribución das sesións	Horario Setembro – Xuño
1ª SESIÓN	9:30 h – 10:25 h
2ª SESIÓN	10:25 h – 11:20 h
3ª SESIÓN	11:20 h – 12:15 h
RECREO	12:15 h – 12:45 h
4ª SESIÓN	12:45 h – 13:40 h
5ª SESIÓN	13:40 h – 14:30 h

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A **atención á diversidade** será un principio fundamental na ensinanza básica (LOMCE). No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, defínese como *“o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta*

educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado´´.

Este mesmo decreto sinala que as **accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario** nas intervencións que se leven a cabo co alumnado. Por iso, coa intención de satisfacer estes principios, dotaremos de gran importancia dúas actuacións: a **atención individualizada** e a **coordinación docente e familiar**.

A primeira delas estará presente ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado. Ao inicio do curso e de cada UD, levaremos a cabo unha **avaliación inicial**, que nos permitirá ver en que punto se encontra o alumno/a en relación cos contidos a traballar. Logo, paralelamente ao desenvolvemento das clases, analizaremos o seu progreso en comparación cos resultados iniciais, coa intención de comprobar a necesidade ou non de aplicar medidas. Xa por último, ao rematar cada unha das U.D, os nenos/as volverán ser avaliados, co fin de comprobar a idoneidade das medidas propostas, se é o caso.

No caso de que foran detectadas necesidades, adoptaremos (previa aplicación da avaliación psicopedagóxica, regulada na Orde do 31 de outubro de 1996) as medidas expostas neste decreto, tendo en consideración o principio que sinala que a resposta educativa á atención á diversidade antepoñerá as medidas de carácter ordinario e normalizador (artigo 8, D.229) e só empregará as medidas de carácter extraordinario (artigo 9, D.229) unha vez esgotadas as anteriores.

A estas medidas, poderémoslle engadir outras de carácter máis persoal, que se fan necesarias en determinados casos, como por exemplo ante a incorporación de novo alumnado ou ante a presenza de **alumnado NEAE**. Este último é definido no artigo 16 do D.105 como *``aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais (NEE), dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar*´´.

Dependendo das necesidades que tratemos, contemplaremos as seguintes referencias legais establecidas en Galicia (a maiores do xa nomeado D.229):

- **Alumnos/as que presentan necesidades educativas especiais:** son os que requiren, por un período da súa escolarización ou ao longo dela, apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta. A nivel xeral, seguiremos a Orde de 6 de outubro de 1995, que regula as adaptacións

do currículo, e a Orde de 27 de decembro de 2002, que regula a ordenación deste alumnado.

- **Alumnos/as con altas capacidades intelectuais:** serán obxecto dunha atención específica, adoptando as medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades e para a súa escolarización.

Con este alumnado seguiremos á Orde do 28 de outubro de 1996 e, no caso de ter que realizar unha adaptación curricular de ampliación, á Orde de 6 de outubro de 1995. No D.105 establécense tamén plans de actuación e programas de enriquecemento curricular.

- **Alumnos/as con integración tardía no sistema educativo español:** desenvolveremos programas específicos para os/as que presentan descoñecemento das dúas linguas oficiais, desfase curricular de dous ou máis cursos ou graves dificultades de adaptación. Atenderemos o establecido na Orde do 20 de febreiro de 2004, que regula a atención ao alumnado estranxeiro.

No presente curso no nivel de 3º de primaria (3ºA) Hai un alumno con unha discapacidade recoñecida do 33%.

Independentemente desta situación, manteremos unha estreita coordinación co Departamento de Orientación, especialmente na elaboración e valoración dos resultados obtidos na **avaliación inicial** e no deseño de medidas específicas de seguimento.

10. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Unha vez que un neno/a repetira curso no anterior nivel, o/a anterior titor/a xunto co equipo de orientación poden decidir a necesidade de que se lle faga unha Adaptación Curricular Individualizada. Esta necesidade quedará plasmada na avaliación final do curso anterior onde se marcarán as pautas da mesma.

Dita adaptación curricular individualizada elaborárase, si é posible, no primeiro trimestre do seguinte curso baseándose na observación do neno/a, nos informes psicopedagóxicos do equipo de orientación e as pautas que foron fixadas polo titor/a do curso anterior na avaliación final. Unha vez posta en práctica esta A.C.I. será revisada para unha posible ampliación ou revisión segundo os logros ou non dos obxectivos.

11. EDUCACIÓN EN VALORES

O principal propósito da P.D será o de mellorar a sociedade, empezando como non pode ser doutra maneira, polos alumnos e alumnas de clase; pois de acordo co que afirmaba Karl A. Menninger, *“o que se lle dá aos nenos, os nenos daranllo á sociedade”*.

É aquí onde entra en xogo a **educación en valores**, a cal, tal e como se establece na LOE e no Decreto 374/1996, non se traballará de maneira ocasional ou puntualmente na área de Valores sociais e cívicos, senón que estará presente no día a día da aula. Levaranse a cabo transversalmente nas distintas áreas ou na asemblea da clase a través de actividades do tipo debate, diálogo, chuvia de ideas....

Entre outros trataremos temas do seguinte tipo: educación moral e para a paz, coeducación, educación para a saúde, ambiental, para o consumo, intercultural, lecer e tempo libre..., actividades que son de centro e que figuran na Programación Xeral Anual, á que nos remitimos neste sentido.

No presente curso cobran especial significación os valores relacionados coas medidas de hixiene e prevención da situación Covid-19. Serán traballados transversalmente de igual xeito aos anteriormente citados, empregando instrumentos e procedementos como vídeos, fichas, carteis, pictogramas, diálogos e postas en común...

12. RELACIÓN FAMILIA – ESCOLA

A familia é o primeiro contexto socializador (primeiras emocións, hábitos, aprendizaxes,...). A relación entre escola e familia é moi importante durante todo o curso dado que ten como obxectivo a educación do neno/a, e que se apoia en tres piares básicos: razóns sociolóxicas (as familias sofren procesos de adaptación), razóns pedagóxicas (aprendizaxes significativas coa colaboración familia-escola) e razóns legais.

Podemos distinguir varios motivos para defender esta proposta:

- Existe un obxectivo común entre familia e escola.
- Os criterios deben ser homoxéneos.
- Proporciona seguridade e modelos positivos aos/ás nenos/as.

- O intercambio de información é imprescindible.
- A colaboración da familia no Centro. Os pais e nais aprenden novas formas de relación cos/coas seus fillos/as.
- O labor compensatorio é máis eficaz, profundo e duradeiro.

A información que se intercambiará entre as familias e o centro será:

- 1) En torno ao/á alumno/a (contacto informal diario: entrevista, cuestionario, informe, notas informativas...).
- 2) Información de carácter xeral (reunións xerais ou por grupos: información escrita - carteis, circulares, folletos...).

A implicación dos pais e nais pode ser sistemática (tarefas de apoio, obradoiros) ou esporádica (período de adaptación, presentación de actividades ou profesións, festas, saídas, confección de disfraces...)

No curso 2021/22, e en función da situación Covid-19, os medios telemáticos, sen prexuízo dos presenciais, terán un papel destacado (correo electrónico, plataforma abalar, plataformas de videoconferencias, páxina web do centro e aula virtual).

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO

“O Proxecto Lector de centro será referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura”.

Seguindo estas pautas, o noso plan anual de lectura establece os seguintes obxectivos:

- Fomentar estratexias para mellorar a comprensión lectora do alumnado.
- Estimular os hábitos de lectura e escritura.
- Elaborar e poñer en práctica distintas actividades educativas.
- Integrar as TIC nos procesos de lectura, escritura e busca de información.
- Buscar estratexias para acadar unha maior e máis efectiva colaboración coas familias e o contorno no ámbito da lectura e escritura.

En canto aos contidos...

- Aprendizaxe dos códigos escritos e sonoros,
- Coñecemento de textos narrativos, poemas, cancións, trabalinguas... en distintos soportes incluíndo as novas tecnoloxías.

- Lectura por pracer de textos diversos.
- Creación de hábitos de lectura.
- Adaptación de textos ás necesidades dos alumnos/as.

A metodoloxía a seguir favorecerá un trato continuo e progresivo das lecturas, desenvolvendo estratexias de comprensión lectora como:

- Dedicar un tempo específico diario á lectura.
- Ler e entender enunciados de actividades e problemas.
- Favorecer unha avaliación continuada dos progresos e dificultades atopados no proceso.

En canto ao uso da biblioteca do centro e en función da evolución do COVID-19 durante o presente curso 21/22, empregaráse para a busca de información e aprendizaxe e como fonte de pracer. Neste sentido a coordinación coa dinamización de biblioteca (PLAMBE), a través das actividades por esta proposta, será un aspecto básico a ter en conta.

14. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

O centro educativo de acordo co que establece o Decreto 130/2007 no seu Anexo V, elaborará e aplicará un plan de introdución das TIC. No presente curso 21/22, desde o seu comezo, prestarase unha especial atención á formación dos usuarios, tanto por parte do profesorado como do alumnado, en ferramentas TIC que faciliten o proceso educativo nunha posible situación non presencial:

- Correo electrónico
- Plataforma abalar
- Plataforma de videoconferencias
- Páxina web do centro
- Aula virtual

Estas actividades levaranse a cabo de xeito transversal, enmarcadas no propio proceso educativo a través das tarefas designadas para seren realizadas polo alumnado e en estreita comunicación e colaboración coas familias.

Ademais, este plan establece os seguintes obxectivos, tendo en conta as medidas hixiénicas e preventivas en función da situación Covid-19:

- Familiarizar ao alumnado co manexo do ordenador mediante o uso do software lúdico e educativo.
- Desenvolver a capacidade de lectoescritura mediante o manexo de programas adecuados.
- Capacitar ao alumnado para manexar o teclado e escribir co ordenador de aula empregando programas adaptados para as súas capacidades.
- Desenvolver a creatividade e o uso de programas de debuxo e artísticos.

No referente aos contidos:

- Partes do ordenador: monitor, pantalla, altofalantes, teclado...
- Discos: duro, lector de CD, pen.
- Internet: navegadores.
- Impresora.
- Contidos educativos.

Os alumnos/as poderán facer actividades como:

- Prender e apagar o ordenador.
- Manexar o rato cun clic, dobre clic e arrastrando.
- Introducir o CD-ROM na bandexa.
- Identificar programas pola icona.
- Abrir e pechar ventás.
- Abrir e pechar programas e traballar cos contidos dixitais.
- Manexar as tabletas para a busca de información e elaboración das súas propias producións.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA

É fundamental transmitir ao estudiantado valores para poderen ser cidadáns respectuosos con todo o mundo e críticos co que os rodea. Para alcanzar dita premisa, esta programación foi deseñada para traballar os seguintes valores: educación moral e cívica, educación para a paz, educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos, educación ambiental, educación para a saúde e a calidade de vida, educación para o lecer, educación do consumidor e a educación viaria.

Estes valores traballaranse en celebracións específicas como “O Samaín”, “O Nadal”, “O día da paz”, “O entroido”, entre outros.

PLAN DE CONVIVENCIA

En canto aos obxectivos:

- Valorar a dignidade das persoas e os seus dereitos fundamentais, establecendo relacións de aceptación e respecto.
- Tratar con respecto e amabilidade aos demais.
- Respetar a opinión dos demais.
- Evitar insultos, agresións, burlas ou desprezos aos compañeiros.
- Respetar a diversidade das persoas.
- Evitar burlas e insultos por ser diferentes.
- Participar en xogos e actividades de grupo.
- Aprender a convivir con outras persoas.
- Establecer relacións afectivas.
- Cumprir as normas de convivencia.
- Actuar con autonomía nas actividades habituais.
- Valorar o traballo feito.
- Confiar nas propias posibilidades, acrecentando a autoestima.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o curso 2021-2022 realizaranse como actividades complementarias e/ou extraescolares as marcadas no calendario escolar, condicionadas polas normas de prevención para a situación Covid-19. Celebraranse sempre dentro do horario lectivo e non se farán saídas ao exterior, **en espera da evolución da situación Covid-19**. De se realizaren, será sempre que se consideren oportunas e adaptadas ao proceso educativo. O carácter indicado das mesmas irase considerando polo equipo de nivel ao longo do curso segundo vaian chegando as distintas ofertas e posibilidades.

17. INCORPORACIÓN DE MODIFICACIONES E PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

A medida que o curso se vaia desenvolvendo, iremos elaborando diferentes propostas de mellora co fin de enriquecer a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado.

Levaremos a cabo diferentes reunións de nivel, onde iremos mostrando aqueles aspectos que non foron adecuados ou eficaces, vendo o nivel de logros, dificultades, necesidades... que se foron manifestando ao longo do curso co fin de modificar-corrir métodos, situacións, conflitos, aprendizaxes, etc.

As modificacións levadas a cabo serán recollidas nas actas das reunións de nivel. A final de curso e a modo de memoria de nivel, incluíranse aqueles aspectos que non resultaron axeitados, así como as modificacións que se fixeron ou que se poden prever para os vindeiros cursos.

18. NECESIDADES DE MATERIAL

Nos últimos cursos deuse unha progresiva mellora no material dixital dispoñible, ordenadores e sobre todo, encerados dixitais, aínda que é preciso continuar coa renovación dos mesmos para adaptalos aos tempos. Ante a substitución dos tradicionais encerados de xiz por outros nas que se utiliza rotulador, falta agora unha adaptación do material a utilizar sobre elas (compás...), ao non se poder empregar no dito material os rotuladores.

Asi mesmo, gustaríanos reflexar a necesidade de contar co material para o EDI das editoriais coas que traballamos en modo local. Coa finalidade de non depender da conexión a rede.